

MARÍA XOSÉ ÁLVAREZ DIEGO, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DO ROSAL, (PONTEVEDRA)

CERTIFICO: Que en sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o vintedous de xullo de dous mil vinte un, adoptouse, por unanimidade dos presentes, entre outros, os acordos que a continuación se transcriben literalmente:

“Visto que con data de 30 de xullo de 2020 aprobose o expediente de contratación de contrato administrativo de servizos de asistencia técnica para a redacción do proxecto construtivo de remodelación da Praza do Calvario mediante mediante acordo da Xunta de Goberno Local reunida en sesión ordinaria nada indicada.

Logo da tramitación do procedemento, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2020, adxudicouse o contrato de servizos de asistencia técnica para a redacción do proxecto construtivo de Remodelación da Praza do Calvario por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, a URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL SL.

En vista do anterior, en data de 29 de decembro de 2020 presentouse pola adxudicataria o Anteproxecto de “Remodelación da Praza do Calvario”.

Con posterioridade, concretamente, o 16 de xullo de 2021, presentouse o Proxecto executivo de “Remodelación da Praza do Calvario”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial Hugo García Carro.

Considerando a necesidade do Concello de realizar as obras obxecto do proxecto, e tendo en conta o previsto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, cando establece que:

“1. La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante.

En aquellos contratos cuya ejecución requiera de la cesión de datos por parte de entidades del sector público al contratista, el órgano de contratación en todo caso deberá especificar en el expediente de contratación cuál será la finalidad del tratamiento de los datos que vayan a ser cedidos..../...”

Visto o previsto no artigo 28 LCSP cando sinala que:



“.../...As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais e sinala que, para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado ao súa adxudicación.../...”

Tendo en conta o anterior con data 21 de xullo de 2021 emítase Memoria xustificativa de necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación pola Alcaldía, na que se sinala o seguinte con respecto ao obxecto:

“...I. OBXECTO E NECESIDADE A SATISFACER

Ao abeiro do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e do artigo 80.2d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos asumen competencias en materia de “Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad” e de “ordenación, gestión, ejecución y disciplina urbanística; la promoción y gestión de viviendas; los parques y jardines; la pavimentación de vías públicas urbanas y la conservación de caminos y vías rurales”.

O presente proxecto ten por finalidade a transformación do espazo urbano da Praza do Calvario a un espazo amable e de calidade para as persoas, sen esquecer a posta en valor dos seus elementos patrimoniais e a mellora dos servizos existentes.

Esta actuación enmárcase dentro da promoción da transformación do centro de municipio que o Concello de O Rosal quere levar a cabo mediante unha serie de actuacións de humanización que melloren a mobilidade peonil e a accesibilidade, á vez que poñen en valor os elementos patrimoniais, xerando espazos urbanos de alta calidade para o desfrute do común da veciñanza, e, en xeral, de tódalas persoas.

En vista do anterior, os obxectivos que se pretenden acadar coa presente contratación son:

- *Devolver o espazo urbano ás persoas, impedindo a circulación de vehículos (so autorizados).*
- *Converter a praza nun espazo dinámico e flexible capaz de albergar calquera tipo de evento.*
- *Ampliar as zonas verdes e pavimentos brandos convertendo á praza nun lugar atractivo durante todo o ano.*
- *Por en valor o patrimonio existente facendo que a praza se converta en elemento cohesionador que relacione todo o conxunto edificatorio e se poña en valor de xeito global e non illadamente, como hoxe en día.*

Mediante o proxecto técnico denominado “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO” asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial Hugo García Carro, e presentado o 16 de xullo de 2021. defínense as características da actuación.



A entidade e repercusión desta obra fai que non se poida satisfacer a súa realización con medios propios, sendo necesario iniciar este procedemento de contratación.”

Asemade con respecto ao valor estimado establécese na devandita Memoria o seguinte:

“.../....V. VALOR ESTIMADO E FINANCIAMENTO

O valor estimado do contrato de obra proposto se contén no proxecto técnico denominado “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO” asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial Hugo García Carro, e presentado o 16 de xullo de 2021. ascendendo a UN MILLÓN DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL NOVECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.254.937,55).

Con respecto ao financiamento que fai viable a materialización da obra establécese o seguinte:

a. Réxime de financiamento		
Fondos Propios	100 % (ver apartado e. “Explicación”)	
b. Anualidades		
Exercicio	Concello de O Rosal	
2021	164.809,83 euros	
2022	1.353.664,61 euros	
c. Aplicacións orzamentarias		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co I.V.E.)
2021	15320.61901	164.809,83
2022	15320.61901	1.353.664,61
d. Disponibilidade de crédito		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe retido
2021	15320.61901	164.809,83
2022	Compromiso plenario plurianual de habilitar o crédito necesario	
e. EXPLICACIÓN		
<p>Trátase dun contrato plurianual, de duración estimada total segundo plan de obra en proxecto de 8 meses. Estando prevista segundo a data de inicio da licitación e duración estimada da mesma, un máximo de 2 certificacións de obras imputables a 2021 e as 6 restantes a 2022.</p> <p>Desta forma a anualidade 2021 é segundo plan de obra de 164.809,83 euros (IVE incluído) e a de 2022 é de 1.353.664,61 euros (IVE incluído).</p> <p>Respecto do financiamento se plantexa inicialmente con fondos propios ao 100%, dos cales a anualidade de 2021 está dispoñible tras terse habilitado mediante modificación de crédito, e respecto da anualidade 2022 foi tomado polo Pleno en data 21/07/2021 o compromiso de gasto plurianual excepcional previsto no art. 174.5 TRLRFL.</p> <p>Respecto desta anualidade 2022, os orzamentos municipais recollerán os créditos</p>		



necesarios da forma que se considere mais adecuada no momento da súa aprobación, estando previsto acudir á concertación de operación de crédito como opción residual, excepto nas contías que:

- Se reciban no seu caso da subvención "PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. REACPON", á que se opta.
- Se imputen no seu caso á subvención "Plan Concellos Deputación".
- Se reciban no seu caso doutras subvencións convocadas.
- Se deriven da baixa de adxudicación que no seu caso se produza.
- Ou se habiliten con cargo directamente aos créditos ordinarios do orzamento.

.../..."

As obras obxecto do contrato se definen no proxecto de "Remodelación da Praza do Calvario" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial Hugo García Carro, presentado o 16 de xullo de 2021, e que conta cun orzamento base de licitación de UN MILLÓN CINCOCENTOS DEZAOITO MIL CATROCIENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.518.474,44-€), I.V.E. engadido.

Consta Informe de Intervención núm. 2021-0079 de 21 de xullo de 2021, no que se recoñece como órgano de contratación para o contrato de obra de "Remodelación da Praza do Calvario" ao Pleno, quen ostenta a competencia orixinaria, e por delegación deste, á Xunta de Goberno Local, quen ostenta a competencia delegada.

Tendo en conta a delegación das atribucións do Pleno en Xunta de Goberno Local en materia de contratación que resulta do acordo plenario de 25 de xuño de 2019, os antecedentes de feito detallados ao longo da proposta, considerando cumpridas as actuacións previas á incoación do procedemento de contratación esixibles ao abeiro da LCSP e tendo en conta que o valor estimado do contrato supera o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, en aplicación do disposto no art. 116 e Disposición adicional 2ª, apartado 1º da citada norma pola presente **PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Declarar a urxencia do asunto aos efectos da súa inclusión na orde do día, debido ao perentorio dos prazos de presentación contidos no Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19 (Programa Reacpon) ao que se presentará o Concello de O Rosal co obxectivo de acadar financiamento para a execución das obra contidas no proxecto, e ao previsto no artigo 116 LCSP respecto da incoación do expediente de contratación.

SEGUNDO.- Ratificar a inclusión na orde do día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra de REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO para o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello de O Rosal en base á natureza e extensión de ditas necesidades,



así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados na Memoria xustificativa de necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación asinada pola Alcaldía con data de 21 de xullo de 2021.

CUARTO.- *Incoar o procedemento de contratación administrativa do contrato de obra de REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO descritas no “PROXECTO DE REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial Hugo García Carro, presentado o 16 de xullo de 2021, e que conta cun orzamento base de licitación de UN MILLÓN CINCOCENTOS DEZAOITO MIL CATROCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.518.474,44-€), I.V.E. engadido.*

QUINTO.- *Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Asuntos Plenarios na vindeira sesión que se celebre.”*

E para que así conste ós efectos oportunos, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sra. Alcaldesa-Presidenta.

V. PRACE
A ALCALDESA

A SECRETARIA ACCTAL,

Documento asinado electrónicamente á marxe

